



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2012**

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Paulino Rodríguez González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Non asisten:

- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretaria a da Corporación Dña. Julia M<sup>a</sup> Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

#### **PUNTO PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O señor Alcalde procede á xustificar a urxencia da sesión:

#### **“Xustificación da urxencia.**

O pasado xoves, 16 de febreiro, R.E. 855, recibíuse no Concello un recurso de reposición, asinado por dona Verónica Val Vázquez, en representación da federación Galega da Construcción, contra o **Prego de bases das Obras de Posta en Valor do Castelo de Santa Cruz**, en concreto pola clasificación requerida ás empresas para poder participar.

O prazo de presentación de ofertas remata no día de hoxe, 22 de febreiro. E a apertura do sobre A está fixada para o luns 27 de febreiro.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Recibido o recurso o Alcalde solicitou, de Urbanismo e Secretaría, a emisión de informes, á maior brevidade posible, de cara a elaborar unha proposta da Alcaldía e convocar un pleno, órgano competente para estimar ou desestimar o recurso presentado.

Finalizados os informes no día de hoxe e dado que o pleno é convinte que se celebre antes da apertura do sobre A, determino fixalo para o venres día 24 ás 12,30 horas, posto que as 13 horas hai outra comisión xa convocada e deste xeito créanse menos problemas ós asistentes, quedando xustificada a urxencia polos prazos ós que está suxeito todo o proceso.

A Guarda, 22 de febreiro de 2012

O Alcalde,"

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor da urxencia.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor da urxencia, pois o BNG sempre dixo que non ía ser un obstáculo na tramitación.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor da urxencia.

Sometida a votación a urxencia, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

### **PUNTO SEGUNDO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN CONTRA OS PREGOS DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ".**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA.**

**CONSIDERANDO** que mediante acordo plenario de 27 de xaneiro de 2012 foi obxecto de aprobación o expediente de contratación, incluídos os pregos de Cláusulas administrativas Particulares-técnicas que rexerán o concurso para adxudicar o contrato de obras de "POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ NA GUARDA", obxecto de financiamento do 1% cultural do Ministerio de Fomento. O anuncio de licitación foi publicado no DOGA número 27 de 8 de febreiro de 2012 e no BOP número 28 de 9 de febreiro de 2012.

**CONSIDERANDO** que en data 16 de febreiro de 2012 ( RE 855) ten entrada no Concello da Guarda recurso de reposición presentado por dona Verónica Val Vázquez, en nome e representación da Federación Gallega de la Construcción, por considerar improcedente a clasificación esixida nos pregos de contratación, en concreto, a clasificación do Grupo K, Subgrupo 6, categoría a (xardinería e plantacións). Emitido informes por parte da Secretaría municipal, que remite ós servicios técnicos municipais para a xustificación da



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

clasificación esixida, en data 22 de febreiro de 2012 se emite informe por parte do Arquitecto Técnico Municipal, no que xustifica a clasificación esixida, e sinala que é correcta e conforme á normativa aplicable, dado que a suma das partidas correspondentes vinculadas a traballos de xardinería superan o 30% do valor do orzamento total, quedando ademais xustificada a excepcionalidade da obra, e a categoría esixida se atopa por debaixo dos máximos permitidos.

**CONSIDERANDO** que o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación, correspondendo a éste resolver o recursos de reposición interposto, e de acordo co informe do Arquitecto Técnico Municipal, propónse ó Pleno a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

1.- Desestimar o recurso de reposición presentado por dona Verónica Val Vázquez, en nome e representación da Federación Gallega de la Construcción, contra os pregos de contratación das obras de "POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ NA GUARDA", en relación coa clasificación esixida do Grupo K, Subgrupo 6, categoría a (xardinería e plantacións), de acordo co informe do Arquitecto Técnico Municipal, por considerar a mesma axustada á lexislación aplicable, dado que a suma das partidas correspondentes vinculadas a traballos de xardinería superan o 30% do valor do orzamento total, quedando ademais xustificada a excepcionalidade da obra, e a categoría esixida se atopa por debaixo dos máximos permitidos.

2.- Notificar o presente acordo ó interesado, outorgándolle os recursos pertinentes.

3.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante municipal.

A Guarda, 22 de febreiro de 2012  
O Alcalde,

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas"

Intervén a señora Estévez Álvarez e di que entenden que o informe da Secretaria non é concluyente, posto que se remite ó informe técnico para determinar se procedería ou non estimar o recurso. En canto ó informe técnico, se basa no artigo 36, que se refire a casos excepcionais, pero a excepcionalidade non queda clara. Di que a clasificación deben poñela os técnicos, e non vai poñer obstáculos á tramitación, pero pensa que os informes non son claros, e se vai abster.

O señor Lomba Alonso di que resultou dificultoso entender os informes. No informe de Secretaría sinalase que se trata dunha cuestión de carácter técnico. O escrito de recurso ven acompañado dunha sentenza doutro Concello, hai un alto grao de interpretación sobre os pregos, pois no informe técnico se fala de oitos meses, cando a execución da obra segundo os pregos é de 12 meses. Pensa que a excepcionalidade non está clara, e bota de menos a participación do Arquitecto Municipal, pois non é a primeira vez que hai contradicións entre os dous técnicos municipais, cre que se deberan de utilizar todos os recursos persoais dos que dispón o Concello. Non van poñer obstáculos á tramitación, pero se van a abster.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que xa está todo exposto, o informe da Secretaria remite ó informe técnico, hai desigualdade de criterios, se miden por criterios desiguais, e non queren desacreditar ós servizos técnicos, pero se van a abster.

O señor Alcalde di que cre que é a primeira vez que se impugnan uns pregos pola clasificación. Explica que foi difícil contar co Arquitecto Municipal, posto que acude uns días determinados ó Concello, e dada a urxencia na tramitación, os informes se levaron a cabo con celeridade. Contactaron cos redactores do proxecto e coinciden co Arquitecto Técnico Municipal en que hai partidas incardinables en xardinería que fan que a cantidade sexa superior ó 20% esixido na lei. Pero ademáis, a lei recolle a referencia a casos excepcionais, e neste caso estamos falando dun BIC, e da conservación de determinadas especies botánicas, que polas súas características xustifican a excepcionalidade das obras. Di que de acordo co informe, procedería desestimar o recurso, estando convocadas as mesas de contratación para os días 27 e 29 de febreiro.

O señor Lomba Alonso di que bota de menos que no informe técnico non se xustifique a excepcionalidade como acaba de facelo o señor Alcalde de palabra, e non lle vale a excusa de que non se contou co Arquitecto polo seu horario, posto que se trata dun tema importante.

A señora Iglesias Ferreira di que debería xustificarse esa excepcionalidade por escrito.

Intervén a Secretaria e explica que para xustificar a clasificación proposta resulta suficiente que se dé cumprimento ó porcentaxe sinalado no informe técnico, pero a maiores, se xustifica a excepcionalidade da obra, que sí se atopa xustificada e explicada no informe do Arquitecto Técnico Municipal, dándolle lectura:

**“O castelo de Sta. Cruz** está Clasificado como B.I.C. Ben de interes Cultural, dado o seu caracter patrimonial, en está fortaleza as actuacións que se pretendan acometer están suxetas as autorizacións previas e a supervisión do Servizo de Protección do Patrimonio.

Fruto de dita natureza, proponse unhas obras e actuacións en dito inmobile, encamiñadas a sua posta en valór, dada a natureza das obras así como do ben, atopamonos ante unha obra cunha serie de consideracións a ter en conta, como é: Unha supervisión e control de obra adicionais as corrientes, un Control arqueolóxico, coa sua dirección de obra, auxiliares en arqueoloxía; Unha actuación específica en botánica cunha dirección específica nesta materia, dada a natureza dos exemplares botánicos existentes, o que faén xunto con outros considerandos, que esta obra sexa unha excepcionalidade, e non se teña por unha obra normal.

A natureza das obras e o proxecto en sí, recollen na sua memoria, que os aspectos e camiños mais destacados para a posta en valor do inmobile son tres, a saber:

- A recuperación dos muros e baluartes defensivos.
- A posta en valor das especies botánicas e a protexer existentes no castelo e coas que se pretende a creación dun xardín botánico.
- A iluminación monumental proposta, encamiñada a resaltar ditos valores.”



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (sete votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e cincunta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre